



# BOLETÍN RSU MAIO 2021

## UNIVERSIDADE DE VIGO.

UNIDADE DE ANÁLISIS E PROGRAMAS



## OS XOVES DE MAIO DEDICARANSE NA UVIGO Á PROMOCIÓN DO DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE E A AXENDA 2030

D. BESADÍO DUVI 03/05/2021

Os xoves do mes de maio dedicaranse na Universidade de Vigo a sensibilizar á comunidade universitaria e, ao conxunto da sociedade en xeral, sobre a importancia do desenvolvemento sostible e todo o que implica na protección do planeta e na procura de sociedades máis xustas e inclusivas. Farase a través de todas as actividades organizadas baixo o paraugas das II Xornadas sODStendo o planeta. [+info.](#)




A xornada foi semipresencial

## CONTRA A VIOLENCIA MACHISTA INSTITUCIONAL, FORMACIÓN

DUVI OURENSE 03/05/2021

A Facultade de Educación e Traballo Social do campus de Ourense acolleu este luns a celebración da xornada *Cómplices. A violencia machista institucional. Unha abordaxe integral*. Nela, expertas do eido do dereito, a saúde, o traballo social e a socioloxía abordaron como mellorar a acollida e atención das mulleres en situacións de violencia e evitar así unha segunda vitimización deste colectivo: a que viven por parte do sistema. Na xornada subliñouse a importancia da formación axeitada de todas as persoas que interveñen no proceso de atención a estas mulleres para evitar a vulneración dos seus dereitos. [+info.](#)



Cristina Fernández, Manuel Portela e Noa Caramés na apertura do seminario

## ALIMENTACIÓN SAUDABLE E EXERCICIO FÍSICO PODEN AXUDAR A CONTROLAR A ENDOMETRIOSE

D. BESADÍO DUVI 04/05/2021

Dous millóns de españolas sofren endometriose, 60.000 delas galegas, e o máis probable é que haxa moitísimas máis afectadas que aínda non o saben, pois o tempo medio de diagnóstico é de arredor de oito anos. Coñecida como a epidemia oculta, esta doenza, que afecta a unha de cada dez mulleres en idade fértil, caracterízase por provocar, entre outras moitas consecuencias, dor “crónica e constante”, que se prolonga máis aló dos días da regra e pode chegar a ser incapacitante. [+info.](#)



María Lameiras é a responsable da iniciativa

## O CAMPUS CREA UN GRUPO DE CRECIMENTO PERSOAL E EMPODERAMENTO PARA MULLERES

DUVI OURENSE 04/05/2021

Illamento social, medo, sobrecarga de coidados, teletraballo... son algunhas das consecuencias que trouxo a pandemia e que teñen tido un grande impacto na sociedade. Porén, explica María Lameiras, catedrática da Área de Personalidade, Avaliación e Tratamento Psicolóxico da Universidade de Vigo, “a urxencia de tratar a saúde física nesta crise deixou de lado ata o de agora abordar os grandes estragos na esfera emocional que ten provocado e provoca esta situación”. [+info](#).




Participantes na reunión virtual de lanzamento do proxecto

## A UVIGO PARTICIPA NUN PROXECTO EUROPEO QUE ANALIZARÁ A RESILIENCIA DO SECTOR FORESTAL ANTE O CAMBIO CLIMÁTICO

DUVI PONTEVEDRA 05/05/2021

“O cambio climático constitúe un gran desafío para os bosques europeos, demostrado polos recentes eventos extremos e perturbacións forestais, dunha intensidade sen precedentes”. Este feito, como explica o director da Escola de Enxeñaría Forestal, Juan Picos, constitúe o punto de partida de Resonate (*Resilient forest value chains – enhancing resilience through natural and socio-economic responses*), un proxecto de investigación seleccionado na convocatoria europea Horizonte 2020, no que participan 20 institucións e organismos de doce países, entre os que se atopa a Universidade de Vigo. [+info](#).



## ECOBAS ORGANIZA UNHA MESA REDONDA PARA VISIBILIZAR A INVESTIGACIÓN FEITA POR MULLERES NO EIDO DA ECONOMÍA E A EMPRESA

M. DEL RÍO DUVI 06/05/2021

O Día da Muller e da Nena na Ciencia deben ser os 365 días do ano. Con esta premisa, en Ecobas (Economics and Business Administration for Society) decidiron organizar unha serie de actividades que poñan valor a investigación feita por mulleres no eido da Economía e a Empresa. Trátase de contribuír dende o centro da UVigo a “poder retornar mellor” despois da pandemia, establecendo “unha senda de desenvolvemento máis sostible no noso país”. [+info](#).



Celestino Quintela, realizando traballo de campo en Sabah, na zona norte da illa de Borneo, en Malaisia

## 260.000 EUROS PARA INVESTIGAR COMO DETERMINADAS ÁRBORES TROPICAIS PODEN AXUDAR A RESTAURAR SOLOS CONTAMINADOS

D. BESADÍO DUVI 07/05/2021

A Universidade de Vigo incorporará o vindeiro curso ao seu cadro de persoal ao investigador galego Celestino Quintela Sabarís, a quen lle foi concedida unha prestixiosa axuda Marie Sklodowska-Curie, unha das máis competitivas e prestixiosas que concede a Comisión Europea dentro do Programa Marco para a Investigación e o Desenvolvemento Tecnolóxico, Horizonte 2020. Quintela chega a Vigo tras unha estancia de case tres anos na universidade francesa de Lorraine. [+info](#).



Celestino Quintela, realizando traballo de campo en Sabah, na zona norte da illa de Borneo, en Malaisia

## CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL, UNIVERSIDADES E UNED SUMAN FORZAS A PROL DA FORMACIÓN DAS PERSOAS MAIORES

DUVI 10/05/2021

A conselleira de Política Social, Fabiola García; o director xeral de Maiores e Discapacidade, Fernando González; os reitores das universidades de Vigo, Santiago e A Coruña, Manuel Reigosa, Antonio López e Julio Abalde; e o director do centro da UNED da cidade de A Coruña, Germán Carro, asinaron este luns a renovación dun convenio polo que o departamento da Xunta achegará para a formación de persoas maiores este ano 2021, un total de 130.000 euros. [+info](#).



Imaxe de arquivo dunha actividade académica na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte

## ESCÉPTICO, EGOCÉNTRICO, INDIFERENTE OU COMPROMETIDO: AS ACTITUDES DO FUTURO PROFESORADO ANTE O CAMBIO AMBIENTAL

EDUARDO MUÑIZ DUVI PONTEVEDRA 12/05/2021

O termo cambio ambiental global comezou a empregarse a comezos deste século co propósito de facer referencia “ao conxunto de cambios biofísicos e socioeconómicos que están alterando a estrutura e funcionamento” do planeta, como explica a profesora da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte Mercedes Varela. [+info](#).



Esther de Blas e Gabriel Alén

## A VICERREITORA DO CAMPUS REÚNESE CO DELEGADO TERRITORIAL DA XUNTA EN OURENSE

DUVI OURENSE 12/05/2021

Esther de Blas, vicerreitora do Campus de Ourense, reuniuse este mércores co delegado territorial da Xunta de Galicia en Ourense, Gabriel Alén, dentro da rolda de encontros institucionais que este último está a manter con axentes representativos da sociedade ourensá. Tratouse dunha primeira toma de contacto que, indican desde a delegación territorial, “serviu para que as dúas institucións ratificaran a súa alianza a prol do fornecemento da sede universitaria de Ourense e permitiu facer visible o clima de bo entendemento e de máxima colaboración que existe entre a entidade universitaria e a administración autonómica. [+info.](#)



O novo programa da Área de Benestar, Saúde e Deporte arrancou hoxe no campus de Vigo

## 'PAUSAS ACTIVAS' CONTRA O ESTRÉS, O SEDENTARISMO E A FATIGA

REBECA LÓPEZ VILLAR DUVI 12/05/2021

O estrés, a fatiga, as molestias na vista e os trastornos óseos e musculares son só algúns dos efectos físicos das longas xornadas de traballo e estudo, que tamén diminúen o rendemento académico e laboral. Sabedores dos beneficios dos descansos, desde a Área de Benestar, Saúde e Deporte acaban de lanzar o programa [Pausas activas](#), que arrancou hoxe no campus de Vigo e que consiste na realización de descansos breves, sobre 15 minutos, para estirar os músculos e corrixir as malas posturas. [+info.](#)




Reigosa, García Comesaña e López García

## UNIVERSIDADE E ADOS BUSCAN A IMPLICACIÓN SOLIDARIA DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA NA DOAZÓN DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS

DUVI 13/05/2021

A Universidade de Vigo e a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (ADOS) teñen unha longa traxectoria de colaboración que este xoves ampliaron coa sinatura dun novo convenio de colaboración. O reitor Manuel Reigosa e o conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, presentaron no Hospital Álvaro Cunqueiro as bases desta nova cooperación, nun acto ao que tamén asistiu a directora de ADOS, Marisa López García. O obxectivo é promover a doazón altruísta de sangue órganos e tecidos entre os membros desta comunidade académica e renovar a base de doantes nunha contorna envellecida como a galega. [+info.](#)



O evento terá lugar nas prazas da Ferraría e da Peregrina

## ESTUDANTES DE PUBLICIDADE E RRPP REUNIRÁN 22 COMERCIOS LOCAIS NA FEIRA 'COMERCIO KM 0'

DUVI PONTEVEDRA 19/05/2021

Incrementar a visibilidade e notoriedade do pequeno comercio de Pontevedra é o obxectivo que levou a dúas estudantes da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación, Marta Lado e Sibila Leis, a impulsar *Comercio km 0*, un evento que este sábado reunirá, nas prazas da Ferraría e da Peregrina, 22 establecementos da localidade. [+info.](#)



Fariña, cunha das publicacións que coordinou nos últimos meses

## A CATEDRÁTICA FRANCISCA FARIÑA, IMPULSORA DA PRIMEIRA REVISTA EN ESPAÑOL SOBRE XUSTIZA TERAPÉUTICA

EDUARDO MUÑIZ DUVI PONTEVEDRA 24/05/2021

Promover que tanto a lexislación como os procedementos xudiciais e as actuacións dos diferentes operadores xurídicos involucrados procuren o benestar emocional e psicolóxico de todas as persoas implicadas é a base da xustiza terapéutica. Co obxectivo de promover a investigación e a difusión deste “novo paradigma legal”, a catedrática da Psicoloxía Básica e Psicoloxía Xurídica do Menor da Universidade de Vigo Francisca Fariña impulsou xunto co investigador da Universidad de Puerto Rico David Wexler e a maxistrada arxentina Slvia Oyhamburu a *Revista Iberoamericana de Justicia Terapéutica*. [+info.](#)



Os reitores e o conselleiro, na xornada celebrada no Pazo de Quián. Foto: Xunta de Galicia

## INVESTIGADORES DA UVIGO E USC DESEÑAN UN INVENTARIO FORESTAL EN CONSTANTE ACTUALIZACIÓN

DUVI PONTEVEDRA 25/05/2021

As particularidades que presenta en Galicia a superficie forestal, caracterizada pola existencia de milleiros de parcelas de pequenas dimensións nas que se producen cambios con maior rapidez que noutras áreas xeográficas, fan que o “mapa forestal” dunha comunidade na que o 69% da superficie é forestal requira dunha continua renovación. [+info.](#)



Participantes nunha edición anterior do Campus Camp

## REGRESA CAMPUS CAMP TRAS O PARÓN POLA PANDEMIA

D. BESADÍO DUVI 25/05/2021

Tras un ano de parón debido ás circunstancias sanitarias provocadas pola pandemia de covid-19, este verán regresará o Campus Camp, o campamento dirixido ás fillas e fillos do persoal de administración e servidos, o persoal docente e investigador e o alumnado da Universidade de Vigo, unha iniciativa coa que a institución académica viguesa quere favorecer a conciliación da vida profesional e familiar dos membros da comunidade universitaria en época de vacacións escolares, ao tempo que se achega a universidade aos máis pequenos e pequenas. [+info](#).

## O CONVENIO ASINADO ENTRE UNIVERSIDADE E CONCELLO PERMITIRÁ AVANZAR NA HUMANIZACIÓN DO CAMPUS

DUVI PONTEVEDRA 26/05/2021

Concello de Pontevedra e Universidade de Vigo asinaron xa o convenio polo que a institución académica cederá a parcela na que se construír o *skate-park*, á vez que a administración elaborará un proxecto para a humanización do campus pontevedrés, que contribuirá a “avanzar na transformación do campus” para facer deste un espazo “máis vivible e máis visitable”. [+info](#).



Jorge Soto, Manuel Reigosa e Mónica Valderrama

## ALUMNADO DO PROGRAMA UNIVERSITARIO DE MAIORES ACHÉGASE ÁS EMOCIÓN QUE EXPERIMENTA UNHA PERSOA EN CADEIRA DE RODAS

DUVI OURENSE 27/05/2021

Un ano máis, Alex Ferradás, persoa dependente dunha cadeira de rodas dende o ano 2006 e un dos fundadores do proxecto Working Wheels, que traballa pola accesibilidade e a integración, achegouse ao campus de Ourense para ofrecer unha conferencia. A través da súa historia persoal, o alumnado do Programa Universitario de Maiores puido achegarse ás emocións que experimenta unha persoa en cadeira de rodas e os retos que afrontan no seu día a día. [+info](#).



Alex Ferradás co alumnado e profesorado do PUM que asistiu



Paloma Rueda, Belén Rubio e Javier Touza

## A CIENCIA MARIÑA APOSTA POLA INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN RESPONSABLE PARA ACHEGARSE Á SOCIEDADE

DUVI 27/05/2021

A Investigación e Innovación Responsable (RRI polas súas siglas en inglés) ten como obxectivo desenvolver proxectos, actividades e iniciativas que contribúan a reducir a fenda entre a comunidade científica e todos os axentes sociais, dende a cidadanía ata a administración, pasando polo sector empresarial e industrial, e o tecido da economía social. Este enfoque, cada vez máis presente na contorna da I+D, foi obxecto de análise este xoves nunha xornada centrada especificamente na súa aplicación no eido da investigación mariña. [+info.](#)



Investigadoras e investigadores do grupo Gies-10 reuníronse cos diferentes centros da localidade. Foto: Concello de Marín

## ‘EDUKASANO’ BUSCA PROMOVER HÁBITOS SAUDABLES EN TODA A POBOACIÓN ESCOLAR DE MARÍN

DUVI PONTEVEDRA 31/05/2021

Educación en hábitos saudables á infancia e á mocidade resulta clave na prevención dos problemas de saúde derivados do sedentarismo e dunha alimentación inadecuada, xa que pode contribuír a xerar cambios non só nos propios alumnos e alumnas, senón no conxunto da comunidade. Esta idea constitúe o punto de partida do proxecto *Edukasano*, que o Grupo de Investigación en Educación, Actividade Física e Saúde (Gies-10) desenvolve ao abeiro dun convenio de colaboración co Concello e Marín e que se centra no desenvolvemento dunha intervención educativa. [+info.](#)

## O PROFESORADO DO CAMPUS PON NOTA ÁS CAPACIDADES CIENTÍFICAS DA MOCIDADE PONTEVEDRESA

DUVI PONTEVEDRA 31/05/2021

Cada ano, o proxecto de divulgación científica Pontenciencia desenvólva na Escola de Enxeñaría Forestal o seu evento final, a Feira da Miniciencia, na que estudantes de primaria e secundaria presentaban os proxectos e experimentos científicos que levaran a cabo nos seus centros ao logo do curso. A situación provocada pola covid-19 impide neste 2021 o desenvolvemento desta feira no seu formato habitual, mais non que estudantes de 17 centros educativos de Pontevedra defendan diante do profesorado universitario as súas investigacións, desta volta nos propios colexios e institutos participantes nun proxecto promovido polo Concello de Pontevedra e a Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología (Fecyt), coa colaboración da Universidade de Vigo.



Máis de 20 docentes do campus forman parte dos xurados da oitava edición de Pontenciencia

[+info.](#)



---

## UNIVERSIDADE DE VIGO

### **Unidade de Análisis e Programas.**

Edificio Filomena Dato.

Planta Baixa.

36310 Vigo (Pontevedra)

986.818.689 986.818.640